



PLAN DE CONTINXENCIA

(23/9/2020)

Última actualización: 22/03/2021

O Plan de Continxencia do centro educativo IES DE CATABOIS ten por finalidade establecer os procesos para o ensino a distancia e para o reinicio da actividade académica presencial no caso de que se teña interrompido a suspensión da actividade lectiva nun aula/etapa educativa/centro.

ACTUACIÓNS PREVIAS DIANTE DA APARICIÓN DUN GROMO

1. Tal como recolle a Actualización do 4 de novembro de 2020 do PROTOCOLO DE ADAPTACIÓN AO CONTEXTO DA COVID-19 NOS CENTROS DE ENSINO NON UNIVERSITARIO DE GALICIA PARA O CURSO 2020-2021, “**non asistirán ao centro** aqueles estudantes, docentes e outros profesionais que teñan síntomas compatibles con Covid-19, así como aqueles que se atopen en illamento por diagnóstico de Covid-19, ou en período de corentena domiciliaria por ter contacto estreito con algúna persoa diagnosticada de Covid-19. **Tampouco acudirán aos centros as persoas en espera de resultado de PCR por sospeita clínica.**”

Tendo en conta a redacción do seguinte parágrafo nesa mesma actualización: “Os conviventes dunha persoa con síntomas compatibles coa Covid (alumno/a ou profesional) que se encontre á espera do resultado, evitarán as interaccións sociais que sexan prescindibles ata que se confirme o resultado, pero non será necesario que garden corentena no domicilio, podendo acudir tanto á escola como ao seu posto de traballo.”, queda patente que o alumnado ou persoal que está á espera de confirmación de PCR pode acudir ao centro educativo, segundo as autoridades educativas e sanitarias.



Porén, o equipo Covid do IES de Catabois aprecia que o recomendable é comunicar a situación ao centro e agardar a ter ese resultado negativo, que non tarda máis de un ou dous días.

2. Diante dun suposto no que unha persoa ou alumno da que se sospeita que comeza a desenvolver síntomas compatibles con COVID-19 no centro educativo seguiranse os seguintes pasos:

- Levarase a un espazo separado de uso individual (aula de illamento Covid-ao lado de Xefatura de Estudos)
- Colocaráselle unha máscara cirúrxica (tanto ao que iniciou síntomas como á persoa que quede ao seu coidado)
- Contactarase coa familia, no caso de afectar a alumnado.

3. Débese chamar ao centro de saúde de Atención Primaria de referencia (Centro de Saúde Fontenla Maristany), ou ao teléfono de referencia do SERGAS e seguiranse as súas instrucións. En caso de presentar síntomas de gravidade ou dificultade respiratoria chamarase ao 061. O/A traballador/a que inicie síntomas debe abandonar o seu posto de traballo protexido por máscara, e logo de seguir as instrucións do centro de saúde ata que a súa situación médica sexa valorada por un profesional sanitario.

4. No suposto da aparición dun caso, ou dunha sospeita, de coronavirus no centro educativo tanto sexa do alumnado, profesorado ou persoal do centro, a persoa coordinadora do equipo formado na COVID-19 incluirá na aplicación informática a información prevista do eventual afectado/a relativa aos contactos estreitos, dos compañeiros/as afectados/as e do seu profesorado, así como de quen sexa persoa próxima vincellada ao centro educativo.

5 A familia dun neno ou nena con sospeita de contaxio, deberá solicitar unha consulta telefónica co seu pediatra para que este avalíe a necesidade de solicitude dun test diagnóstico. Se non houbese cita para ese mesmo día, acudirá ao PAC para a valoración polo médico de atención primaria.



6. Tras a aparición dun caso diagnóstico da Covid 19, seguiranse as recomendacións da Xefatura Territorial de Sanidade, sendo posible que teña que estar illada unha parte do centro educativo (aula ou grupo de aulas) mantendo o funcionamento do resto da forma habitual en función do número de contactos identificados en cada gromo.

7. A autoridade sanitaria, en coordinación coa Consellería de Educación, a través do Grupo de Coordinación e Seguimiento da Pandemia determinará en cada caso o número de persoal e alumnado afectado e a duración das medidas de corentena o que se comunicará ao equipo COVID do centro para a súa comunicación á comunidade educativa, sen prexuízo da información que sexa facilitada pola autoridade sanitaria.

8. A autoridade sanitaria, en función do número de contaxios, poderá ordenar o peche dunha ou varias aulas, dun nivel educativo ou do centro educativo na súa totalidade de conformidade con distintos escenarios posibles recollidos no suposto de gromos -apartado 9 das Instruccións ditadas o 31 de agosto pola Consellaría de Educación:

https://www.edu.xunta.gal/portal/sites/web/files/instruccions_adaptacion_protocolo_31-08-2020.pdf

9. A aparición dun contaxio sospeitoso con posterior confirmación é un suposto de declaración obligatoria que implicará por parte da autoridade sanitaria a obriga de entrada en corentena de polo menos 10 días a todas as persoas que teñan a consideración de contacto estreito.

Tendo en conta que segundo o criterio epidemiolóxico considerase contacto estreito a calquera persoa do centro que compartise espazo co caso confirmado a unha distancia de menos de 2 metros (<2m) do caso confirmado durante máis de 15 minutos sen utilizar a máscara, os contactos serán determinados pola autoridade sanitaria segundo os protocolos vixentes en cada momento.

As persoas que teñan diagnóstico confirmado terán obriga de illamento durante 10 días. As persoas que teñan a consideración de contactos estreitos da persoa cun diagnóstico confirmado deberán permanecer en corentena ata que obteñan o resultado negativo da PCR



que se solicitará transcorridos 10 días do último contacto co caso confirmado. Se, polo motivo que fose, pasan 14 días do último contacto co caso confirmado e non se realiza a PCR, a corentena finalizará igualmente.

O restante alumnado da aula que non teña a consideración de contacto estreito poderá continuar coa asistencia presencial á aula. Aos contactos estreitos realizaráselles unha proba de Covid nun prazo non superior a 48 horas para identificar ás persoas que teñan unha posible infección por Covid-19.

En función da intensidade e virulencia do gromo, así como do número de persoas e niveis educativos afectados a Autoridade Sanitaria poderá acordar a medida de corentena da totalidade das persoas que conforman unha aula, das que conforman un nivel educativo completo onde teña xurdido o gromo ou, de ser o caso, da totalidade das persoas que integran un centro educativo.

10. A suspensión da actividade lectiva presencial suporá a aplicación das normas previstas no presente protocolo relativas ao ensino a distancia. Aos efectos de determinación do nivel de risco a autoridade sanitaria poderá volver a avaliar o pase ao nivel de riscos NR 2 para os supostos de consideración de vulnerabilidade e de cualificación de persoal sensible.

ACTUACIÓNS PARA O PERÍODO DE ACTIVIDADE LECTIVA NON PRESENCIAL

11. O ensino non presencial será impartido polo profesorado ordinario do alumnado preferentemente a través da aula virtual de cada grupo e das plataformas dixitais de videoconferencia Falemos ou Webex (prioritariamente <https://falemos.edu.xunta.gal/>). Crearanse salas de acceso para os distintos grupos para simplificar o acceso do alumnado e reduciranse os tempos de conexión sinalando sesións de 30 min de videoconferencia, que se corresponden co 60% mínimo esixido pola *Resolución da Secretaría Xeral de Educación e Formación Profesional pola que se ditan instrucións para a elaboración de horarios nos centros docentes sostidos con fondos públicos na Comunidade Autónoma de Galicia para o curso 2020-2021 para o desenvolvemento de ensino a distancia en períodos de peche de aulas ou centros como consecuencia da pandemia da COVID-19*.



O resto do horario deberá adicarse á realización de tarefas nas aulas virtuais e a resolver as dúbihdas co profesorado a través do correo electrónico.

Os horarios do alumnado para ensino non presencial achéganse no Anexo I.

O profesorado de cada área, ámbito, materia ou modulo e o alumnado do grupo deberán conectarse a través da plataforma indicada á hora que se establece no correspondente cadro horario diario. A conexión deberá realizarse coa antelación suficiente para o aproveitamento do período lectivo establecido no referido cadro horario.

12. O proceso de conexión será explicarado polos docentes ao alumnado na segunda semana de novembro establecendo probas de funcionamento nas distintas materias. A coordinadora de formación do profesorado, en coordinación co equipo TIC e o equipo directivo, será a encargada da súa explicación ás familias en reunión telemática prevista para o martes, 10 de novembro.

13. O proceso de ensino aprendizaxe durante a formación a distancia deberá seguir as normas establecidas para o ensino presencial, coas adaptacións que procedan motivadas pola metodoloxía empregada.

14. O/a tutor/a informará aos pais nais ou titores legais do alumnado menor de idade e ao alumnado maior de idade das normas que se establezan polo centro para esta modalidade de ensino-aprendizaxe, así como do control de asistencia e participación através dos medios telemáticos, que realizará diariamente o profesor mediante as ferramentas habituais, e das súas consecuencias no proceso de avaliación que o equipo docente ten establecido na súa programación didáctica.

15. O/a orientador/a do centro educativo, no horario establecido pola dirección do centro, velará polo cumprimento do Plan Xeral de Atención á Diversidade, coordinará a atención ao alumnado NEE por parte do persoal adscrito ao departamento de orientación, realizará as correspondentes reunións telemáticas para o desenvolvemento e seguimento do Plan de Acción Titorial, realizará as súas funcións, establecidas no artigo 6 do Decreto 120/1998, do



29 de abril, empregando as distintas ferramentas dixitais, ben a demanda dos tutores/as ou dos pais/nais ou tutores legais do alumnado.

O profesorado de Pedagoxía Terapéutica e de reforzo axudará, segundo o caso, no apoio ao alumnado con necesidades educativas especiais encargándose de organizar a recollida e entrega de tarefas que non poidan ser realizadas de xeito virtual.

16. O equipo COVID do centro identificará ao alumnado que teña dificultades de conexión ou falta de equipamento para que a Consellaría adopte as medidas oportunas que minimicen as eventuais dificultades da educación realizada por medios telemáticos.

17. Para cada caso concreto de suspensión da actividade lectiva presencial a Consellaría poderá adoptar as medidas oportunas en relación cos períodos ordinarios de avaliación do alumnado cando coincidan co tempo de suspensión.

18. Durante o período de suspensión da actividade presencial o centro educativo ten previstas as seguintes medidas:

- a) Manter o contacto permanente co alumnado e as súas familias, tanto para coñecer a evolución do estado de saúde como para continuar co ensino a distancia: establecerse un horario de tutoría para cada docente e tamén un horario de Orientación.
- b) Actualizar a aula virtual dos niveis afectados para garantir a continuidade no proceso de ensino-aprendizaxe.
- c) Realizar tarefas de desinfección profundas no centro.
- d) Revisar o protocolo para buscar posibles erros e facer as modificacións que se estimen oportunas.

MEDIDAS PARA O REINICIO DA ACTIVIDADE LECTIVA PRESENCIAL

19. Finalizado o período de peche presencial da aula, nivel educativo ou centro realizarase unha planificación do retorno a actividade presencial.

As fases establecidas para a reactivación son orientadoras, existindo a posibilidade de modificar tanto a súa duración como a porcentaxe do alumnado incluído en cada fase. O



modelo a aplicar correspóndelle á Consellería de Educación co asesoramento da Consellería de Sanidade.

Sen prexuízo das medidas xenéricas establecidas no protocolo aprobado polas consellerías de Educación e Sanidade o centro ten previsto as seguintes fases de reincorporación:

- Fase 1 (Adecuación dos espazos)

Duración: unha semana.

Nesta primeira fase, previa ao reinicio da actividade, será o equipo COVID do centro quen estableza as actuacións a desenvolver, en colaboración coas autoridades sanitarias e educativas.

Obxectivos:

- Análise da situación dos espazos e as súas necesidades.
- Desinfección de todos os espazos
- Revisión do plan de adaptación buscando posibles erros na redacción ou na execución.

- Fase 2 (Incorporación progresiva dos distintos niveis)

Duración: Dous días para a ESO.

Día 1: incorporación de 1º e 3º.

Día 2: incorporación de 2º e 4º

PFB: incorporación o primeiro luns ou martes, desde que sexa establecida á volta á presencialidade.

Obxectivos:

- Formar ao alumnado na importancia das medidas de distanciamento físico, utilización de máscara e de hixiene de mans.
- Analizar as dificultades atopadas durante o tempo de ensino a distancia.

- Fase 3 (Avaliación do período de ensino virtual)

Duración: (1 semana)

Obxectivos:

- Revisar as actividades realizadas no período de ensino telemático.
- Reforzar os contidos impartidos de xeito virtual, resolvendo dúbidas e poñendo en práctica os contidos expostos na aula virtual.
- Realizar unha avaliación sobre os contidos adquiridos neste período.



- Fase 4 (Fase de reactivación)

Duración: (1 semana)

Retorno á actividade presencial e avaliación do tempo de ensino non presencial

Obxectivos:

- Realizar unha avaliación do desenvolvemento das fases
- Volver á dinámica de clases presenciais, pero sen abandonar o emprego da aula virtual para as tarefas e para complementar as aprendizaxes na casa.

Anexo I: HORARIOS DE ENSINO VIRTUAL

Anexo II: Modelo de detección de necesidades

Anexo III: Plan específico de actuación para o alumnado vulnerable

ANEXO I: HORARIOS DE ENSINO VIRTUAL

Os horarios recollidos neste anexo atañense ao sinalado na *Resolución da Secretaría Xeral de Educación e Formación Profesional pola que se ditan instrucións para a elaboración de horarios nos centros docentes sostidos con fondos públicos na Comunidade Autónoma de Galicia para o curso 2020-2021 para o desenvolvemento de ensino a distancia en períodos de peche de aulas ou centros como consecuencia da pandemia da Covid-19*.

Contémplase o tempo que se dedicará a ensino a través de plataformas dixitais. Trátase de “horarios espello” que manteñen a organización habitual do curso, pero reducindo o tempo de conexión do alumnado, de xeito que a impartición de contidos se limita a un 60%, o mínimo establecido nesa resolución, e se deixa o tempo restante para o estudo e a realización de tarefas por parte do alumnado.

Recóllense así mesmo as horas de atención a pais, nais e representantes legais, por parte de titores/as e profesorado, que serán asignadas previa solicitude por correo electrónico. Os docentes establecerán o medio pertinente para a conexión coas familias, tendo en conta os medios dos que estas dispoñan.



1º A					
	LUNS	MARTES	MÉRCORES	XOVES	VENRES
09:00 09:30	1º SALA A FRANCÉS ISABEL 1º SALA C EFNONSEC PABLO	1º SALA A LING. GALEGA HELENA JORGE	1º SALA A AP LING G1 ISABEL 1º SALA B APOIO MAT G2 PAQUI 1º SALA C EFSEC PABLO	1º SALA A BIO E XEO NOEMÍ MERCEDES	1º SALA A FRANCÉS ISABEL ACFR 1º SALA C EFNONSEC PABLO
09:35 10:05	1º SALA A LING. CASTELÁ TERESA JORGE	1º SALA A XEOGRAFÍA E H ^a EMILIA JORGE	1º SALA A MATEMÁTICAS MIGUEL JORGE	1º SALA A MATEMÁTICAS MIGUEL JORGE	1º SALA A BIO E XEO NOEMÍ JORGE
10:05 10:30	DESCANSO				
10:30 11:00	1º SALA A AP LING G2 ISABEL 1º SALA B APOIO MAT G1 PAQUI 1º SALA C EFSEC PABLO	1º SALA A MATEMÁTICAS MIGUEL	1º SALA A LING. CASTELÁ TERESA RITA	1º SALA A RELIXIÓN M ^a LEONOR 1º SALA B VAL. ÉTICOS PAQUI	1º SALA A LING. GALEGA HELENA
11:05 11:35	1º SALA A MATEMÁTICAS MIGUEL JORGE	1º SALA A INGLÉS DOLORES AC ING	1º SALA A BIO E XEO NOEMÍ JORGE	1º SALA A XEOGRAFÍA E H ^a EMILIA JORGE	1º SALA A MATEMÁTICAS MIGUEL JORGE
11:35 12:00	DESCANSO				
12:00 12:30	1º SALA A LING. GALEGA HELENA RITA	1º SALA A EPVA PAQUI MARÍA	1º SALA A LING. GALEGA HELENA MARÍA	1º SALA A LING. CASTELÁ TERESA RITA	1º SALA A INGLÉS DOLORES
12:35 13:05	1º SALA A XEOGRAFÍA E H ^a EMILIA JORGE	1º SALA A LING. CASTELÁ TERESA	1º SALA A TIT 1º A HELENA	1º SALA A INGLÉS DOLORES ANA	1º SALA A EPVA PAQUI RITA
13:10 13:40		1º SALA A BIO E XEO NOEMÍ MERCEDES		1º SALA A ITI MÓNICA 1º SALA B PEVS MERCEDES	



1º B					
	LUNS	MARTES	MÉRCORES	XOVES	VENRES
09:00 09:30	1º SALA A FRANCÉS ISABEL 1º SALA C EFNONSEC PABLO	1º SALA B INGLÉS DOLORES AC ING	1º SALA A AP LING G2 ISABEL 1º SALA B APOIO MAT G1 PAQUI 1º SALA C EFSEC PABLO	1º SALA B MATEMÁTICAS JUAN JOSÉ JORGE	1º SALA A FRANCÉS ISABEL 1º SALA C EFNONSEC PABLO
09:35 10:05	1º SALA B LING. GALEGA HELENA MARÍA	1º SALA B EPVA PAQUI	1º SALA B INGLÉS DOLORES ANA	1º SALA B BIO. E XEO. NOEMÍ	1º SALA B LING. CASTELÁ RUBÉN MARÍA
10:05 10:30	DESCANSO				
10:30 11:00	1º SALA A AP LING G2 ISABEL 1º SALA B APOIO MAT G1 PAQUI 1º SALA C EFSEC PABLO	1º SALA B MATEMÁTICAS JUAN JOSÉ JORGE	1º SALA B BIO E XEO NOEMÍ MERCEDES	1º SALA A RELIXIÓN Mª LEONOR 1º SALA B VAL. ÉTICOS PAQUI	1º SALA B MATEMÁTICAS JUAN JOSÉ RITA
11:05 11:35	1º SALA B MATEMÁTICAS JUAN JOSÉ RITA	1º SALA B BIO. E XEO. NOEMÍ JORGE	1º SALA B XEOGRAFÍA E H ^a EMILIA RITA	1º SALA B LING. CASTELÁ RUBÉN MARÍA	1º SALA B LING. GALEGA HELENA MARÍA
11:35 12:00	DESCANSO				
12:00 12:30	1º SALA B BIO. E XEO. NOEMÍ JORGE	1º SALA B LING. CASTELÁ RUBÉN JORGE	1º SALA B MATEMÁTICAS JUAN JOSÉ JORGE	1º SALA B LING. GALEGA HELENA MARÍA	1º SALA B EPVA PAQUI JORGE
12:35 13:05	1º SALA B LING. CASTELÁ RUBÉN RITA	1º SALA B XEOGRAFÍA E H ^a EMILIA JORGE	1º SALA B TIT 1º B ISABEL	1º SALA B XEOGRAFÍA E H ^a EMILIA MARÍA	1º SALA B INGLÉS DOLORES JORGE
13:10 13:40		1º SALA B LING. GALEGA HELENA RITA		1º SALA A ITI MÓNICA 1º SALA B PEVSMERCEDES	



2º A					
	LUNS	MARTES	MÉRCORES	XOVES	VENRES
09:00 09:30	2º SALA A XEOGRAFÍA E Hª EMILIA	2º SALA A XEOGRAFÍA E Hª EMILIA	2º SALA A MATEMÁTICAS RAQUEL	2º SALA A LING. CASTELÁ RUBÉN	2º SALA A LING. GALEGA HELENA
09:35 10:05	2º SALA A MATEMÁTICAS RAQUEL RITA	2º SALA A AP LING G1 MÓNICA 2º SALAB APOIO MAT G2 MIGUEL 2º SALA C EFSEC PABLO	2º SALA A LING. CASTELÁ RUBÉN RITA	2º SALA A MATEMÁTICAS RAQUEL RITA	2º SALA A FÍS. E QUI. MERCEDES RITA
10:05 10:30	DESCANSO				
10:30 11:00	2º SALA A INGLÉS ANA RITA .	2º SALA A LING. GALEGA HELENA RITA	2º SALA A INGLÉS ANA .	2º SALA A PROGRAMACIÓN CARMEN 2º SALA B IGUALDADE IRIA	2º SALA A XEOGRAFÍA E Hª EMILIA
11:05 11:35	2º SALA A FÍS. E QUI. MERCEDES	2º SALA A MATEMÁTICAS RAQUEL RITA	2º SALA A AP LING G1 MÓNICA 2º SALAB APOIO MAT G2 MIGUEL 2º SALA C EFSEC PABLO	2º SALA A RELIXIÓN Mª LEONOR 2º SALA B VAL. ÉTICOS PAQUI	2º SALA A TECNOLOXÍA CARMEN 2º SALA B TECNOLOXÍA JULIA
11:35 12:00	DESCANSO				
12:00 12:30	2º SALA A MÚSICA G2 MÓNICA 2º SALA B TECNO G1 JULIA	2º SALA A FÍS. E QUI. MERCEDES RITA	2º SALA A TIT 2º A RUBÉN	2º SALA A INGLÉS ANA AC ING	2º SALA A MATEMÁTICAS RAQUEL RITA
12:35 13:05	2º SALA A MÚSICA G1 MÓNICA 2º SALA B TECNO G2 JULIA	2º SALA A LING. CASTELÁ RUBÉN	2º SALA A MÚSICA G2 MÓNICA 2º SALA B TECNO G1 JULIA	2º SALA A LING. GALEGA HELENA RITA	2º SALA A FRANCÉS IRIA ACFR 2º SALA C EFNONSEC PABLO
13:10 13:40		2º SALA A MÚSICA G1 MÓNICA 2º SALA B TECNO G2 JULIA		2º SALA A FRANCÉS IRIA ACFR 2º SALA C EFNONSEC PABLO	



2º PMAR					
	LUNS	MARTES	MÉRCORES	XOVES	VENRES
09:00 09:30	2º SALA B ÁMB CIEN-TEC MIGUEL	2º SALA B INGLÉS ANA	2º SALA B INGLÉS ANA	2º SALA B ÁMB SOC-LING EMILIA	2º SALA B ÁMB SOC-LING EMILIA
09:35 10:05	2º SALA B ÁMB CIEN-TEC MIGUEL	2º SALA A AP LING G1 MÓNICA 2º SALA B APOIO MAT G2 MIGUEL 2º SALA C EFSEC PABLO	2º SALA B ÁMB SOC-LING EMILIA	2º SALA B ÁMB SOC-LING EMILIA	2º SALA B ÁMB CIEN-TEC MIGUEL
10:05 10:30	DESCANSO				
10:30 11:00	2º SALA B ÁMB SOC-LING EMILIA	2º SALA B ÁMB SOC-LING EMILIA	2º SALA B ÁMB SOC-LING EMILIA	2º SALA A PROGRAMACIÓN CARMEN 2º SALA B IGUALDADE IRIA	2º SALA B ÁMB CIEN-TEC MIGUEL
11:05 11:35	2º SALA B ÁMB SOC-LING EMILIA	2º SALA B ÁMB SOC-LING EMILIA	2º SALA A AP LING G1 MÓNICA 2º SALA B APOIO MAT G2 MIGUEL 2º SALA C EFSEC PABLO	2º SALA A RELIXIÓN M³ LEONOR 2º SALA B VAL. ÉTICOS PAQUI	2º SALA A TECNOLOGÍA CARMEN 2º SALA B TECNOLOGÍA JULIA
11:35 12:00	DESCANSO				
12:00 12:30	2º SALA A MÚSICA G2 MÓNICA 2º SALA B TECNO G1 JULIA	2º SALA B ÁMB CIEN-TEC MIGUEL	2º SALA B TIT 2º PMAR JULIA	2º SALA B ÁMB CIEN-TEC MIGUEL	2º SALA B INGLÉS ANA
12:35 13:05	2º SALA A MÚSICA G1 MÓNICA 2º SALA B TECNO G2 JULIA	2º SALA B ÁMB CIEN-TEC MIGUEL	2º SALA A MÚSICA G2 MÓNICA 2º SALA B TECNO G1 JULIA	2º SALA B ÁMB CIEN-TEC MIGUEL	2º SALA A FRANCÉS IRIA ACFR 2º SALA C EFNONSEC PABLO
13:10 13:40		2º SALA A MÚSICA G1 MÓNICA 2º SALA B TECNO G2 JULIA		2º SALA A FRANCÉS IRIA ACFR 2º SALA C EFNONSEC PABLO	



3º A					
	LUNS	MARTES	MÉRCORES	XOVES	VENRES
09:00 09:30	3º SALA A EPVA PAQUI	3º SALA A MÚSICA MÓNICA	3º SALA A INGLÉS DOLORES	3º SALA A RELIXIÓN Mª LEONOR 3º SALA B VAL ÉTICOS PAQUI	3º SALA A LING. CASTELÁ TERESA
09:35 10:05	3º SALA A MATEMATICAS ROSA Mª	3º SALA A XEOGRAFÍA E Hª ROSA	3º SALA A EFNONSEC PABLO 3º SALA B TECNO SEC CARMEN	3º SALA A EFSEC PABLO 3º SALA B TECNO NONSEC JULIA	3º SALA A XEOGRAFÍA E Hª ROSA
10:05 10:30	DESCANSO				
10:30 11:00	3º SALA A LING. GALEGA ANTONIA	3º SALA A EPVA PAQUI	3º SALA A LING. GALEGA ANTONIA	3º SALA A MATEMATICAS ROSA Mª	3º SALA A MÚSICA MÓNICA
11:05 11:35	3º SALA A EFSEC PABLO 3º SALA B TECNO NONSEC JULIA	3º SALA A CULT CLÁSICA MÓNICA 3º SALA B FRANCÉS IRIA ACFR	3º SALA A MATEMATICAS ROSA Mª	3º SALA A INGLÉS DOLORES AC ING	3º SALA A CULT CLÁSICA MÓNICA 3º SALA B FRANCÉS IRIA ACFR
11:35 12:00	DESCANSO				
12:00 12:30	3º SALA A FÍS. E QUI. MERCEDES	3º SALA A LING. CASTELÁ TERESA	3º SALA A LING. CASTELÁ TERESA	3º SALA A XEOGRAFÍA E Hª ROSA	3º SALA A BIO E XEO NOEMÍ
12:35 13:05	3º SALA A INGLÉS DOLORES	3º SALA A MATEMATICAS ROSA Mª	3º SALA A TIT 3º A PAQUI	3º SALA A EFNONSEC PABLO 3º SALA B TECNO SEC CARMEN AC ING	3º SALA A FÍS. E QUI. MERCEDES
13:10 13:40		3º SALA A LING. GALEGA ANTONIA		3º SALA A BIO E XEO NOEMÍ	



3º PMAR					
	LUNS	MARTES	MÉRCORES	XOVES	VENRES
09:00 09:30	3º SALA A EPVA PAQUI	3º SALA A MÚSICA MÓNICA	3º SALA B ÁMB SOC-LING ANTONIA	3º SALA A RELIXIÓN Mª LEONOR 3º SALA B VAL ÉTICOS PAQUI	3º SALA B ÁMB SOC-LING ANTONIA
09:35 10:05	3º SALA B ÁMB CIEN-TEC JUAN JOSÉ	3º SALA B INGLÉS DOLORES	3º SALA A EFNONSEC PABLO 3º SALA B TECNO SEC CARMEN	3º SALA A EFSEC PABLO 3º SALA B TECNO NONSEC JULIA	3º SALA B ÁMB SOC-LING ANTONIA
10:05 10:30	DESCANSO				
10:30 11:00	3º SALA B ÁMB CIEN-TEC JUAN JOSÉ	SALA 3ºA EPVA PAQUI	3º SALA B ÁMB CIEN-TEC JUAN JOSÉ	3º SALA B ÁMB SOC-LING ANTONIA	3º SALA A MÚSICA MÓNICA
11:05 11:35	3º SALA A EFSEC PABLO 3º SALA B TECNO NONSEC JULIA	3º SALA A CULT CLÁSICA MÓNICA 3º SALA B FRANCÉS IRIA ACFR	3º SALA B ÁMB CIEN-TEC JUAN JOSÉ	3º SALA B ÁMB SOC-LING ANTONIA	3º SALA A CULT CLÁSICA MÓNICA 3º SALA B FRANCÉS IRIA ACFR
11:35 12:00	DESCANSO				
12:00 12:30	3º SALA B ÁMB SOC-LING ANTONIA	3º SALA B ÁMB SOC-LING ANTONIA	3º SALA B INGLÉS DOLORES	3º SALA B INGLÉS DOLORES	3º SALA B ÁMB CIEN-TEC JUAN JOSÉ
12:35 13:05	3º SALA B ÁMB SOC-LING ANTONIA	3º SALA B ÁMB SOC-LING ANTONIA	3º SALA B TIT 3º PMAR ANTONIA	3º SALA A EFNONSEC PABLO 3º SALA B TECNO SEC CARMEN AC ING	3º SALA B ÁMB CIEN-TEC JUAN JOSÉ
13:10 13:40		3º SALA B ÁMB CIEN-TEC JUAN JOSÉ		3º SALA B ÁMB CIEN-TEC JUAN JOSÉ	



		4º A				
		LUNS	MARTES	MÉRCORES	XOVES	VENRES
09:00 09:30	4º SALA A LING. GALEGA HELENA MARÍA		4º SALA A MAT. ACADÉMIC RAQUEL 4º SALA B IAEE JUAN JOSÉ	4º SALA A CIAAP MERCEDES 4º SALA B BIO E XEO NOEMÍ	4º SALA A INGLÉS ANA AC ING MARÍA	4º SALA A MAT. ACADÉMIC RAQUEL 4º SALA B IAEE JUAN JOSÉ
09:35 10:05	4º SALA A EPVA PAQUI 4º SALA B TIC JULIA		4º SALA A FRANCÉS ISABEL ACFR 4º SALA B TECNOLOGÍA JULIA	4º SALA A EPVA PAQUI 4º SALA B B TIC JULIA	4º SALA A RELIXIÓN Mª LEONOR 4º SALA B VAL ÉTICOS PAQUI	4º SALA A FRANCÉS ISABEL ACFR 4º SALA B TECNOLOGÍA JULIA
10:05 10:30	DESCANSO					
10:30 11:00	4º SALA A MAT. APlicADA RAQUEL 4º SALA B BIO. E XEO. NOEMÍ	4º SALA A MAT. APlicADA RAQUEL 4º SALA B FÍS. E QUI. MERCEDES	4º SALA A MAT. ACADÉMIC RAQUEL 4º SALA B EFNONSEC PABLO	4º SALA A IAEE JUAN JOSÉ 4º SALA B FÍS. E QUI. MERCEDES	4º SALA A LING. CASTELÁ RUBÉN MARÍA	
11:05 11:35	4º SALA A LING. CASTELÁ RUBÉN MARÍA	4º SALA A CIAAP MERCEDES 4º SALA B EFSEC PABLO	4º SALA A FRANCÉS ISABEL 4º SALA B TECNOLOGÍA JULIA	4º SALA A MAT ACADÉMIC RAQUEL 4º SALA B EFNONSEC PABLO	4º SALA A MAT APlicADA RAQUEL 4º SALA B FÍS E QUI MERCEDES	
11:35 12:00	DESCANSO					
12:00 12:30	4º SALA A HISTORIA ROSA MARÍA	4º SALA A INGLÉS ANA AC ING	4º SALA A TIT 4º A MERCEDES	4º SALA A MAT. APlicADA RAQUEL 4º SALA B BIO. E XEO. NOEMÍ	4º SALA A LING. GALEGA HELENA MARÍA	
12:35 13:05	4º SALA A CIAAP MERCEDES 4º SALA B EFSEC PABLO	4º SALA A HISTORIA ROSA MARÍA	4º SALA A HISTORIA ROSA MARÍA	4º SALA A EPVA PAQUI 4º SALA B TIC JULIA	4º SALA A INGLÉS ANA MARÍA	
13:10 13:40		4º SALA A LING. CASTELÁ RUBÉN MARÍA		4º SALA A LING. GALEGA HELENA MARÍA		



PFB COMERCIO					
	LUNS	MARTES	MÉRCORES	XOVES	VENRES
09:00 09:30	PF COM SALA A SOCIEDADE ANA	PF COM SALA A LING. GALEGA RUBÉN			
09:35 10:05	PF COM SALA A CIENCIAS APL CARMEN	SALA PF COM INGLÉS ANA			
10:05 10:30		DESCANSO			
10:30 11:00	PF COM SALA A LING. CASTELÁ RUBÉN	PF COM SALA A LING. CASTELÁ RUBÉN			
11:05 11:35	PF COM SALA A CIENCIAS APL CARMEN	PF COM SALA A CIENCIAS APL CARMEN			
11:35 12:00		DESCANSO			
12:00 12:30	PF COM SALA A LING. GALEGA RUBÉN	PF COM SALA A CIENCIAS APL CARMEN			
12:35 13:05	PF COM SALA A INGLÉS ANA	PF COM SALA A SOCIEDADE ANA			
13:10 13:40		PF COM SALA A TIT AL PFCOM ANA			



PFB INDUSTRIAS ALIMENTARIAS					
	LUNS	MARTES	MÉRCORES	XOVES	VENRES
09:00 09:30	PF IA SALA B LING. CASTELÁ ANTONIA	PF IA SALA B CIENCIAS APL CARMEN			
09:35 10:05	PF IA SALA B SOCIEDADE DOLORES	PF IA SALA B CIENCIAS APL CARMEN			
10:05 10:30	DESCANSO				
10:30 11:00	PF IA SALA B INGLÉS DOLORES	PF IA SALA B LING. GALEGA ANTONIA			
11:05 11:35	SALA PF IA LING GALEGA ANTONIA	PF IA SALA B LING. CASTELÁ ANTONIA			
11:35 12:00	DESCANSO				
12:00 12:30	PF IA SALA B CIENCIAS APL CARMEN	PF IA SALA B SOCIEDADE DOLORES			
12:35 13:05	PF IA SALA B CIENCIAS APL CARMEN	PF IA SALA B INGLÉS DOLORES			
13:10 13:40		PF IA SALA B TIT. AL. PF INDUSTRIAS ALIMENTARI CARMEN			



TITORÍAS PAÍS/NAIS/REPRESENTANTES LEGAIS (PREVIA SOLICITUDE POR CORREO ELECTRÓNICO)					
	LUNS	MARTES	MÉRCORES	XOVES	VENRES
10:05 10:30	LING.CASTELÁ TERESA RÚBÉN	MATEMÁTICAS RAQUEL ROSA M. JUAN JOSÉ MIGUEL	LING GALEGA HELENA ANTONNIA	INGLÉS MACA/ANA DOLORES	ORIENTACIÓN BELÉN RITA
11:35 12:00	XEOGRAFÍA E HISTORIA EMILIA ROSA MÚSICA MÓNICA	TECNOLOGÍA CARMEN JULIA	BIOLOXÍA NOEMÍ FÍSICA E QUÍMICA MERCEDES	RELIXIÓN LEONOR EPVA/ VALORES PAQUI	FRANCÉS ISABEL IRIA ED. FÍSICA PABLO
12:00 12:30			ORIENTACIÓN BELÉN		
12:35 13:05			ORIENTACIÓN BELÉN		



ANEXO II DETECCIÓN DE NECESIDADES DE EQUIPAMENTO OU CONEXIÓN

Solicitamos esta información para coñecer as dificultades que o alumnado puidera ter no caso de ter que pasar a ensino non presencial.

1. Nome do/a alumno/a: (No caso de ser varios irmáns no centro poñerá o nome de todos)

NOME	APELIDOS

- Ten máis irmáns en idade escolar? (Indicar número)

2. Medios dos que dispoñen na casa (indicar número 0, 1, 2...):

MÓBIL	ORDENADOR	TABLET	CÁMARA WEB*	MICRÓFONO*	AURICULARES*

*Poden ser independentes ou integrados nun equipo.

3. Forma de conectarse a internet (marcar cun X):

COMO SE CONECTA(N) A INTERNET?			
NON TEN CONEXIÓN	POR CABLE	POR ROUTER - WIFI	POLOS DATOS DO MÓBIL

• Observacións sobre a conexión a internet:

- Quantas persoas poden precisar conectarse a internet ao mesmo tempo por traballo ou tarefas escolares?
- A conexión é: (marcar cun X)
 - boa
 - regular
 - mala
 - moi mala

4. Outros problemas asociados ao ensino non presencial:

- Que problemas (de calquera tipo) detectaron no tempo de ensino non presencial en canto á aprendizaxe dos/das seus/súas fillos/as?
-
-
-



ANEXO III: PLAN ESPECÍFICO DE ACTUACIÓN PARA O ALUMNADO VULNERABLE

INTRODUCIÓN

O presente plan establece as liñas xerais de actuación e atención educativa ao alumnado vulnerable, no caso de que a situación epidemiolóxica requirise pasar a unha ensinanza nun contexto non presencial.

Considerase alumnado en situación de especial vulnerabilidade aquel que presenta necesidades específicas de apoio, ben por presentar necesidades educativas especiais, por atraso madurativo, por trastornos do desenvolvemento da linguaxe e da comunicación, por trastornos da atención ou de aprendizaxe, por descoñecemento grave da lingua de aprendizaxe, por atoparse en situación de vulnerabilidade socioeducativa, por altas capacidades intelectuais, por terse incorporado tarde ao sistema educativo ou por condicións persoais ou de historia escolar

ACTUACIÓNS PREVIAS

1º Identificación das familias que non teñen recursos necesarios para garantir o ensino virtual a través dos titores (ver modelo enquisa alumnado Anexo II).

2º No caso de non dispoñer do equipamento necesario para o alumnado, realizarase unha solicitude conforme ao procedemento establecido para a Xestión do Equipamento Dixital COVID-19, disponible no seguinte enderezo.

<https://www.edu.xunta.gal/portal/familiasealumnado/medidas-coronavirus>

3º Realización de sesiós de práctica e formación coas familias e co alumnado vulnerable (creación conta correo electrónico, acceso a Edixgal, Aula virtual, Falemos...)

4º Identificación das familias que pese a ter recursos e conexión non accedan ás plataformas dixitais: Comunicación a Inspección e Servizos Sociais e establecemento de canles alternativas de comunicación e de continuidade do traballo escolar como é elaboración de material fotocopiable que cada profesor/a terá que preparar da súa materia (coa colaboración da mestra especialista en PT, do profesorado ARCO e da Orientadora) e entregar ao titor/a que os recompilará para o seu traslado á familia establecendo un calendario de entrega.



PLAN ESPECÍFICO

1. DOCENCIA EN LIÑA

1.1. TEMPORALIZACIÓN

O presente plan contempla as actuacións relativas a dúas semanas de docencia en liña, coincidindo cun período de corentena ordinario. De ser preciso, ampliarase ás semanas sucesivas de xeito secuencial.

A docencia en liña corresponderá co establecido no Plan de continxencia, (ver Anexo I, horarios-espello que xa temos elaborados para o ensino non presencial). Redúcense os tempos de conexión sinalando sesións de 30 min de videoconferencia, que se corresponden co 60% mínimo esixido pola Resolución da Secretaría Xeral de Educación e Formación Profesional pola que se ditan instrucións para a elaboración de horarios nos centros docentes sostidos con fondos públicos na Comunidade Autónoma de Galicia para o curso 2020-2021 para o desenvolvemento de ensino a distancia en períodos de peche de aulas ou centros como consecuencia da pandemia da COVID-19.

O resto do horario deberá adicarse á realización de tarefas nas aulas virtuais e a resolver as dúbidas co profesorado a través do correo electrónico.

1.2. FERRAMENTAS DIXITAIS

Utilizaranse as plataformas dixitais E-Dixgal e a Aula Virtual do IES. Previamente teranse realizado sesións de práctica e formación coas familias e co alumnado vulnerable (creación conta correo electrónico, acceso a Edixgal, Aula virtual, Falemos...)

Hai que ter en conta tamén que pode haber alumnado que non teña recursos necesarios para garantir o ensino virtual, para o cal a principios de curso faise a identificación das familias que non teñen recursos necesarios través dos titores (ver modelo enquisa alumnado Anexo II).

No caso de non dispoñer do equipamento necesario para o alumnado, realizarase unha solicitude conforme ao procedemento establecido para a Xestión do Equipamento Dixital COVID-19, dispoñible no seguinte enderezo. <https://www.edu.xunta.gal/portal/familiasealumnado/medidas-coronavirus>

1.3. COORDINACIÓN ENTRE PROFESIONAIS



Haberá unha hora semanal de coordinación entre o equipo docente de cada grupo e o departamento de Orientación. Poderá ser presencial ou telemática, segundo as circunstancias o aconsellen.

Ademais haberá canles habilitadas para comunicacóns que precisen dunha solución urxente, ben sexa a través do correo electrónico ou por vía telefónica.

Na coordinación atenderanse os seguintes aspectos:

- Pautas para o desenvolvemento de tarefas: axustar tempos de traballo, ofrecer apoios como organizadores, guías ou videotitoriais, etc.
- Canles de información compartida: Compartir información sobre o alumnado e facer unha valoración de logros e necesidades tanto a nivel grupal como a nivel individual, aportando indicadores de seguimento.
- Coordinación dos plans de traballo: Evitarase a sobrecarga de tarefas e favoreceranse redes naturais de apoio no contorno en liña mediante traballo cooperativo entre iguais (parellas, pequenos grupos).

1.4. HORARIO DE ATENCIÓN AO ALUMNADO (Ver Anexo I do Plan de continxencia: horarios-espello)

1.5. COMUNICACIÓN ÁS FAMILIAS

Unha vez adecuada e consensuada a proposta polo equipo docente, comunicarase ao alumnado e as familias de xeito claro. É importante incidir na motivación do estudiantado en relación ao que se vai a aprender, as actividades que ten que realizar e a forma en que se vai a avaliar a aprendizaxe.

1.6. ATENCIÓN DO PROFESORADO PT, ARCO e profesorado de reforzo

O alumnado en situación de especial vulnerabilidade será obxecto de especial atención por parte do profesorado de PT, ARCO ou reforzo. A mestra de Pedagoxía Terapéutica e o profesorado de reforzo e ARCO, participarán tanto nos horarios de conexión como á hora de solventar dúbihdas se as houbera, a través destes horarios de atención.

Se a alumna ou o alumno contaba con sesións de pedagoxía terapéutica, audición e linguaxe, profesorado de reforzo ARCO, PROA+, realizarase a atención posible coa colaboración da familia a través destes horarios de atención. Así mesmo cando o alumnado sexa beneficiario de atención médica,



fisioterapia ou por parte de persoal auxiliar coidador, estes profesionais seguirán mantendo contacto con este alumado.

Concretarase, de darse o caso, a intervención dos intérpretes de lingua de signos incorporándose ao proceso de ensino virtual e, no caso de contar con alumnado escolarizado en modalidade de escolarización combinada, o plan individualizado coordinarase a actuación desde o centro no que este alumnado estea matriculado e levarase a cabo por parte de ambos centros.

2. RECURSOS NECESARIOS

Identifícaranse os recursos necesarios para garantir o ensino virtual que puideran ser necesarios desprazar ao fogar así como o procedemento para levalo a cabo. No caso de non dispoñer do equipamento necesario para o alumnado, realizarase unha solicitude conforme ao procedemento establecido para a Xestión do Equipamento Dixital COVID-19, dispoñible no seguinte enderezo. <https://www.edu.xunta.gal/portal/familiasealumnado/medidas-coronavirus>

3. PROGRAMACIÓNS DIDÁCTICAS

Adecuaranse as programacións didácticas ou as adaptacións curriculares, de ser o caso, para a consecución das competencias clave en todas as materias. Especificarase o modo de atender ao alumnado vulnerable en caso de ensino non presencial. Terase en conta o deseño de tarefas ou proxectos interdisciplinares que inclúan o maior número de materias posibles dirixidas ao reforzo das áreas instrumentais e das competencias clave.